

Claves da fonoloxía

1. Cómpre fixar a [representación dos fonemas](#).
2. Débese lembrar que os fonemas se representan entre barras. Se se trata dunha palabra ou dun fragmento porase unha ao inicio e outra ao final; nestes casos sóese poñer apóstrofe ao inicio da sílaba tónica. Ex.: canción > /kaŋ'θion/
3. Temos que ter claras as diverxencias entre grafías e fonemas. En galego non hai moitas; as principais son:

Letras	Fonemas	Casos e exemplos
e	/e/ /ɛ/	Ver regras semiabertas e semiapertadas
o	/o/ /ɔ/	Ver regras semiabertas e semiapertadas
c +e,i z- -z	/θ/	cea /'θea/ zume /'θume/
c +a,o,u qu k	/k/	cama /'kama/ queixo /'keiʃo/
b, v	/b/	viño /'biɲo/
r- (n,s,l)r rr	/r/	rúa /'rua/ enriba /eŋ'riba/ arriba /a'riba/
g, gu	/g/	gañar /ga'ɲar/ guerra /'gɛra/
-n -nh-	/ɲ/	unha /'uɲa/ cantar /kaŋ'tar/
x	/ʃ/ /ks/	elixir (escoller) /eli'ʃir/ ; elixir (xarope) /elik'sir/

4. Tamén é importante coñecer os casos especiais do -n, realizado como /n/ (alveolar) e non /ɲ/ (velar) no contexto *ben, nin, non, quen, alguén, ninguén, sen, tamén* + o/a/os/as pr. átono. Ou sexa, *non hai* é /non'ai/, pero *non o hai* será /nono'ai/
5. Teñamos así mesmo en conta que hai dígrafos que representan un único fonema (ademais dos de arriba: ch /tʃ/, ll /ʎ/) e unha letra (h) que non corresponde con fonema ningún. Así, por exemplo: cheo de herba /tʃeo de 'ɛrba/
6. Algunhas regras:

<p>En posición tónica: sete vogais. A oposición entre as de abertura de grao medio é pertinente pois permite distinguir signos: /'presa/-/'presa/ /'bola/-/'bola/ ...</p> <p>Velaquí exemplos con semiabertas. Cales serán as regras?</p> <p>- <i>ceo, sempre, fera, ferro, porta, sorte, óso...</i></p> <p>- <i>serie, tenue, materia, socio, odio, consistorio...</i></p> <p>- <i>léxico, éxtase, éxito, técnica, lóxico, código, óptica...</i></p> <p>- <i>mol, caracol, español, cartafol...; noz, feroz, voz...</i></p>	<p>E exemplos con semiapertadas. Cales son as regras nestes casos?</p> <p>- <i>feo, alleo, seo ... ; curioso, soso ... ; papón, rosmón...</i></p> <p>- <i>meu, moito, ouro, touro, eito, moucho, eixe, eiva ...</i></p> <p>- <i>bebestes, temesen, colleron, foran ...</i></p> <p>- <i>saber, ter, comer, facer, perder, pór ...</i></p>
<p>Lembrete:</p> <p>· <i>Tamén o sei. Nin o vexo. Ninguén o sabe. Non o leves...</i> /n/</p> <p>· <i>Un home. Pan e ovos... Benestar.</i> /ɲ/</p>	<p>Olo con:</p> <p>· <i>complexo, crucifixo, prefixo, sufixo, paradoxo, reflexo, perplexo/a, anglosaxón...</i> /ks/</p> <p>· <i>esperto/a / experto/a, esterno / externo, extremo / extremo, misto / mixto</i></p> <p>· <i>escavar, escepticismo, escusa, esdrúxula, esoterismo, estender, extraño...</i> /s/</p>

[Práctica interactiva de transcripción](#) moi recomendable.